



# Creación e uso da Aula virtual

## **1.- Introducción:**

Unha aula virtual é un sistema online, plantexado inicialmente como formación a distancia (cursos online), nembargantes acabaron convertíndose nunha potente ferramenta educativa empregada nas propias aulas, principalmente co alumnado de maior idade. Basean o seu potencial no grao de autonomía e auto-organización que demanda dos alumnos/as.






Se algunha vez participaches nun curso de Platega xa coñeces como funciona una aula virtual.

Na web do noso centro, contamos cunha aula virtual (elaborada coa plataforma MOODLE), na cal **xa existen certos contidos** como tódolos LIM que elaboramos en sesións anteriores foron tamén subidos na aula virtual, así como documentación do PFAC que tamén se atopa subido como un curso da aula virtual. Tamén atoparás diferentes manuais no apartado profesorado.

Se ben os exemplos que indicamos na nosa aula virtual (LIM, documentación do PFAC, minimanuais...) son técnicamente "cursos", todos eles carecen dunha parte fundamental "non contan con actividades interactivas para o alumnado" limitándose unicamente a ofrecer información.

Para crear o noso curso na aula virtual deberemos tomar as seguintes decisións:

No noso curso poderemos engadir dous tipos de contidos:





## 2.- Os roles e modos de acceso á aula virtual:

Antes de comezar a crear a nosa aula virtual deberemos ter claro o concepto de ROLES así como dos DISTINTOS TIPOS DE ACCESO ó noso curso:

Nas seguintes táboas tentaremos clarificar que implica un tipo de acceso ou rol para os recursos e actividades que incluíamos no noso curso.

**TIPOS DE ACCESO:** Os usuarios poden acceder á nosa aula virtual como convidados ou como usuarios registrados. **A decisión de que un curso estea dispoñible para usuarios convidados ou só para rexistrados depende do que indiquemos cando creemos o noso curso.**

<b>Tipos de acceso:</b>	Recursos	Actividades
<b>Como convidado:</b> <i>calquera pode acceder sen usuario e contrasinal</i>	Poderá velos	Non poderá interactuar con algunhas
<b>Como usuario rexistrado:</b> <i>só podera acceder cun usuario e contrasinal.</i>	Poderá velos	Poderá interactuar con elas

**ROLES (papeis):** Os usuarios rexistrados poden ter distintos “roles”, é dicir distintas funcións e en consecuencia permisos. Os roles son asignado durante a creación do curso.

<b>Roles (papeis):</b>	Recursos	Actividades
<b>Alumno (student)</b>	Pode velos pero non crealos	Pode interactuar pero non crealas
<b>Mestre (teacher)</b>	Pode crealos	Pode crealos Pode avaliar
<b>Creador de cursos (course creator)</b>	Pode crea o cursos	
<b>Non editing teacher</b>	Rol especial de mestre que pode facer o mesmo que un mestre pero non engadir recursos ou actividades.	
<b>Administrador</b>	Usuario especial que pode controlao todo, é quen determina quen pode crear cursos	

Como mestres do colexio, TODOS SOMOS CREADORES DE CURSOS, polo que non deberemos preocuparnos por esto.

Un curso ten que ser creado por un único usuario, pero pode ter un número ilimitado de mestres e alumnos.



Nun curso da aula virtual sempre teremos control de como visualizar o contido e de onde estamos. Analicemos o noso curso onde publicamos as actividades LIM.

Identificador (nome abreviado), permite voltar en calquera momento á portada do noso curso

Activar edición: se accedemos co noso usuario e contrasinal, e temos o rol de mestre no curso, teremos o botón “activar edición”.




The screenshot shows the 'Esquema de tema' (Topic Scheme) of a course. On the left, there is a navigation menu with 'Categorías de curso' (Course Categories) including 'Infantil', 'Primeiro', 'Segundo', 'Terceiro', 'Cuarto', 'Quinto', 'Sexto', 'Inglés', 'Música', 'Relixión', 'P.T.', 'E.F.', 'T.I.C.', 'Biblioteca', 'Dinamización galego', and 'Profesorado'. The main content area lists six numbered topics:

- 1 Para a educación infantil**
  - EDUCACIÓN INFANTIL: OS DINOSAURIOS
  - MURAL DÍA DA PAZ 2013
  - Laboratorio do inventor
  - Aula de Infantil-as nosas creacións
  - Os minerais
  - Inventando máquinas
  - dfgsdf
- 2 Matemáticas**
- 3 Coñecemento do medio (social e natural)**
  - O sistema solar
  - coñecemento medio, 3º
  - Entroido
  - Aparato locomotor
  - OS INVENTOS
  - OS ESCOSISTEMAS LIM
- 4 Lingua e literatura galega**
- 5 Lingua e literatura castelá**
  - repaso trimestral sexto
- 6 Educación artística: musical**
  - INSTRUMENTOS MUSICAIS DA ORQUESTRA
  - As figuras

Small blue squares are visible to the right of each topic, indicating editability. A blue arrow points to the top right of the interface, and another blue arrow points to the bottom right, highlighting the edit button area.

Temas que inclúe o noso curso, veñen enumerados, cada número é un tema que pode incluir varios contidos.

Estes pequenos cadrados azuis, permítenos cambiar entre ver o curso en modo de lista (a que se ve na imaxe) amosando tódolos contidos, ou ben en modo “reducido”, no cal veremos só cada un dos “temas” e cambiaremos entre eles cun desplegable.



Seguiremos o esquema anterior para **crear, na primería parte neste manual, un curso de exemplo** que poida servir como guía para crear futuros cursos.

**Posteriormente incluiremos unha explicación concreta** de como elaborar e para que serven **cada un dos recursos e actividades que podemos incluir** na nosa aula virtual.



## POÑAMONOS MANS Á OBRA .... CREEMOS UN CURSO


### 3.- ENTRANDO NA AULA VIRTUAL:

Para acceder á aula virtual do noso centro poderemos facelo desde a portada da web. Obviamente, logo poderemos poñer, se queremos, un enlace directo o noso curso (cando o teñamos) desde claquera parte da web.



### 4.- ACCESO CON USUARIO E CONTRASINAL:

Xa dentro da aula virtual, como queremos crear un novo curso, deberemos acceder co noso usuario e contrasinal. Podemos facelo desde dous lugares:



Veremos como nos da a opción de acceder cos nosos datos ou ben como convidado (tal como indicamos na taboa do punto 2)

No noso caso introduciremos o usuario e contrasinal de mestre, xa que como convidado poderíamos ver certos contidos (e interactuar con algúns) pero en ningún caso poderíamos crear un curso, que é o noso obxectivo neste manual.



**Volver a este sitio web?**

Para acceder precisa dun nome de usuario e dun contrasinal  
(Debe activar os cookies do seu explorador) ?

Nome de usuario   
Contrasinal

---

Algúns cursos poden permitir o acceso a convidados

---

Esqueceu o seu nome de usuario ou contrasinal?

## 5.- XA ESTOU DENTRO... e agora que?

Cando accedemos co noso usuario e contrasinal imos ver unha pantalla deste tipo.

Os meus cursos: aparecerán listados os cursos que creaches ou dos que eres participante como alumno

The screenshot shows the 'aula virtual' interface for C.E.I.P. Pedro Antonio Cerviño. The main content area displays a list of course categories with their respective counts:

Categorías de curso	Count
Infantil	
Primeiro	
Segundo	
Terceiro	
Cuarto	
Quinto	1
Sexto	1
Inglés	
Música	2
Relixión	1
P.T.	
E.F.	
T.I.C.	4
Biblioteca	
Dinamización galego	
Profesorado	10

On the left, there is a 'Menú principal' sidebar with options like 'Noticias do sitio' and 'Os meus cursos'. On the right, there is a user welcome message, a calendar for March 2013, and a list of users online. At the bottom, it shows the user is logged in as 'Óscar Abilleira Muñiz' and the site is powered by Moodle.

Usuario que accedeu: se aparece o noso nome é que entramos correctamente. Desde aquí poderemos saír e deixar de usar o noso usuario e contrasinal

Categorías da aula virtual: dentro duha dela crearemos o noso curso

**5.1.- ESCOLLEMOS CATEGORÍA:** En que categoría queremos engadir o noso novo curso?. Neste exemplo como se vai a tratar dunha serie de



actividades de avaliacion do noso PFAC incluireino no apartado Profesorado.

Facemos click sobre a categoría elexida e veremos que cursos hai dentro desa categoría.

Unha vez dentro, na seguinte pantalla escollemos "ENGADIR NOVO CURSO"

## 5.2.- DECIDIMOS COMO SERÁ O NOSO CURSO

Agora deberemos tomar unha serie de decisións sobre o noso curso, en todo caso calquera opción que activemos poderá cambiarse posteriormente en cada momento.

A seguinte pantalla inclúe moitísimas opcións, todas interesantes, nembargantes neste manual **ímos limitarnos a algunhas delas que son imprescindibles**. (lembra que os campos marcados de vermello son obligatorios).

Veremos de seguido, por partes os diferentes elementos que debemos configurar cando creemos o noso curso (os mesmos que veremos se posteriormente queremos modificalo):



## Xeral:

### Editar configuración da disciplina

**Categoría** T.I.C.

**Nome completo** Autoavaliación do PFAC 2012-2013

**Nome abreviado** oavaliacion-pfac

**Número de identificación do curso**

**Resumo**

Trebuchet 1 (8 pt) Idioma B I U S x<sub>2</sub> x<sub>2</sub>

Curso de exemplo empregado no PFAC e que servirá como autoavaliación ó final do proceso.

Camión: body

**Formato** Formato de temas

**Número de semanas ou temas** 6

**Data de inicio do curso** 11 Marzo 2013

**Seccións ocultas** As seccións ocultas móstranse de forma contraída

**Noticias para visualizar** 5

**Mostrar todas as cualificacións** Si

**Mostrar informes de actividade** Non

**Tamaño máximo de transferencia** 40MB

**É este un metacurso?** Non

**Papel predefinido** Valores por defecto do sitio (Student)

**Categoría:** escollemos en que categoría estará o noso curso, por defecto aparecerá a que escollimos anteriormente, pero poderemos cambiala sempre que queiramos

**Nome completo:** título do noso curso, será visible no listado de cursos.

**Nome abreviado:** pequena combinación de letras que aparecerá na parte superior dereita do curso, como identificador (no noso acaso poñerei avaliacion-pfac)

**Resumo:** pequena descripción do noso curso, visible no listado de temas

**Formato:** o noso curso pode ter diferentes formatos: por temas, semanal... no noso caso debido a que é o máis sinxelo e empregado escolleremos "por temas". Atoparás moita información na rede sobre os disitintos tipos de formatos das aulas virtuais. Nos limitaremos sempre ó formato "temas".

**Número de semanas ou temas:** Indicamos cantos temas queremos ter (en todo caso posteriormente poderemos engadir ou quitar temas). Neste exemplo escollín 6 temas.

O resto de apartados podemos deixalos como están por defecto.



Os apartados **Inscripcións, notificacións e grupos** deixarémolos tal como están (empregaríanse para xestionar cursos online nos que os usuarios teñan que anotarse e nos confirmar a súa presenza, como non é o caso nos centros educativos non lles faremos caso)

## Disponibilidade:

**Disponibilidade**

Disponibilidade ?	<input type="checkbox"/>	Este curso está dispoñible para estudantes	▼
Chave de inscrición ?	<input type="checkbox"/>	<input type="text"/>	
Acceso como convidado ?	<input type="checkbox"/>	Non aceptar convidados en	▼
Custo ?	<input type="text"/>	Dólar dos Estados Unidos	▼

Indicaremos aquí quen pode acceder ó noso curso:

**dispoñibilidade:** Indicamos se estará dispoñible ou non para estudantes, no noso caso indicamos que si.

**Acceso como convidado:** indicaremos se permitimos que os usuarios convidados, sen usuario e contrasinal poden ver o contido no noso curso (non poderán en todo caso interactuar coas actividades). Así e como están os cursos LIM ou documentación do PFAC que xa coñecedes. Neste caso indico que os invitados non poden acceder.

Poderemos tamén escoller se o alumno pode ou non cambiar o **idioma**.

Cando rematemos prememos **gardar modificacións** para rematar de crear o noso curso, ou ben cancelar para perder tódolos datos introducidos e comezar de novo.

Xa temos o noso curso creado!!!.... Aínda falta por asignar papeis (roles) e por suposto engadirlle contidos.

**Eres capaz de chegar ata o teu curso desde a portada a aula virtual? E desde a web?.**

Resulta sempre interesante poñerse no papel dos nosos alumnos e comprobar se todo está onde esperamos que estea.

Por exemplo, se indicamos que poden entrar invitados, deberíamos comprobar se efectivamente podes entrar sen o teu usuario e contrasinal.






## 6.- EDITANDO AS CARACTERÍSTICAS DO MEU CURSO:

Supoñamos que unha vez creado o curso, ou ben despois de varios días, necesitamos cambiar algún parámetro dos que acabamos de introducir, como por exemplo engadir un novo tema, porque nos quedamos cortos.

É tan sinxelo como entrar no noso curso e premer a opción “configurar” que veremos no menú lateral de administración. Voltaremos a ver a pantalla do apartado anterior que empregamos para crear o curso.



### 6.1.- MENÚ ADMINISTRACIÓN:



Ademáis de “configuración” no menú de administración atoparemos outras opcións interesantes para xestionar o noso curso, pero nos empregaremos so estas:

**Activar edición:** igual que o botón que aparece na parte superior dereita en calquera curso.

**Asignar papeis:** empregarémolo para indicar que usuarios son mestres ou alumnos (lembra que ti eres sempre creador de cursos)

**Ficheiros:** podemos acceder ós arquivos que o noso alumnado subiu se así llo pedimos nalgunha actividade.

**Cualificacións:** podemos ver o resultados obtidos polo noso alumnado nas diferentes actividades do curso.

Existe moita información na rede sobre as restantes opcións.

## 7.- ASIGNANDO PAPEIS (ROLES)



Co noso curso xa creado chega o momento de determinar quenes serán os alumnos/as e mestres do noso curso. Podemos engadir tantos mestres ou alumnos como queiramos.

O feito de engadir máis dun mestre supón que tódolos mestres indicados poderán crear recursos e actividades no noso curso (eso é o que sucede no noso curso ACTIVIDADES LIM onde todos estamos marcados como mestres, e aparecemos listados debaixo do título).

Escollemos asignar papeis no menú lateral de administración (lembra que só o verás se entraches na aula virtual co usuario e contrasinal da persoa que creou o curso)



Lembra que sempre poderás engadir e eliminar alumnos ou mestres en calquera momento desde a mesma opción.

Veremos unha pantalla como esta, premendo nas ligazóns da esquerda (teacher, student) podemos indicar que usuarios estarán en cada un dos papeis. (*obviaremos non editing teacher e guest*)

Asignar papeis

**Asignar papeis** ?

Papeis	Descrición	Usuarios
<a href="#">Teacher</a>	Teachers can do anything within a course, including changing the activities and grading students.	1
<a href="#">Non-editing teacher</a>	Non-editing teachers can teach in courses and grade students, but may not alter activities.	0
<a href="#">Student</a>	Students generally have less privileges within a course.	0
<a href="#">Guest</a>	Guests have minimal privileges and usually can not enter text anywhere.	0




Neste curso de exemplo indicarei que o **mestre** (teacher) será só un.

Escolleremos tamén os **alumnos** (students) que queremos que teña o noso curso, neste caso tódolos participantes do PFAC. Como podes ver un usuario como no voso caso, pode ser nun curso mestre e noutro alumno.

En ámbolos dous casos (mestre ou alumnos) o premer sobre os papeis, deberemos “pasar” os usuarios da dereita cara a esquerda para seleccionalos.

Escollemos o usuario



Movemos o usuario escollido á esquerda ou á dereita. Se o movemos á esquerda seleccionámolo, se o pasamos á dereita quedará fora.

Neste caso escollo como alumnos/as a todos vos... como vedes quedan outros usuarios fora... e cando esten os alumnos do centro metidos veras que ahí quedan moitos máis.

Se quixeramos empregar o usuario “alumnado” bastaría con pasar ese usuario.

A túa función como **creador de curso** (course creator) ou mestre (teacher) é o de asignar ós usuarios que están rexistrados na aula virtual se son alumnos ou mestres no teu curso.

O rexistro dos diferentes usuarios da aula virtual corresponde o administrador da mesma. Solicíta o rexistro dos alumnos que no aparecen.

Cabe tamén a posibilidade de empregar un usuario e contrasinal común para tódolos alumnos, deste xeito poderían usar as actividades pero os resultados non se almacenarían. Isto pode ser interesante para cursos nos que non teñamos interese en coñecer o resultado conseguido por cada alumno.

O usuario e contrasinal común para o alumnado é:( usuario: alumnado) (contrasinal: tic-colexio)



Lembra que os únicos que poden crear cursos son os marcados como “course creator”... isto determíno o administrador da aula virtual, polo que se non podes crear cursos deberás contactar con el para que che de dito permiso.

Lembra que podes voltar ó inicio do teu curso empregando o menú superior, onde atoparás o “nome reducido” que indicaches cando creaches o curso.

## 8.- ENGADINDO RECURSOS E ACTIVIDADES

Xa temos o noso curso creado, xa o configuramos cos parámetros que queríamos e xa indicamos os roles ou papeis (quenes son alumnos e quenes mestres)

Tan só queda encher o noso curso de contidos (recursos e actividades).


Cando creamos un novo curso, automáticamente se crea un foro de debate no curso, poderemos eliminalo se o desexamos.

### 8.1- ACTIVAR EDICIÓN:


Co noso curso xa creado, configurado, e cos papeis de alumnos/as e mestres asignados, para engadir contidos deberemos acceder ó noso curso e premer a



opción "activar edición" (en calquera das dúas opcións dispoñibles).



Cando premamos dita opción veremos aparecer novas funcións no noso curso, as que inicialmente non tiñamos acceso.




Estas son as opcións coas que poderemos traballar unha vez teñamos "activada a edición" (se queremos ver como queda sen ditas opcións de traballo premeremos "desactivar edición")



### 8.1.1.- ENGADIR UN RECURSO OU ACTIVIDADE:

En cada un dos temas poderemos engadir, escolléndoo nun dos dous desplegable:




- **RECURSOS:** contidos informativos... pensados para ofrecer información o alumnado do noso curso.
- **ACTIVIDADES:** actividades interactivas coas que o alumno podereá traballar.



Cada un dos recursos e actividades dispoñibles están explicados polo miúdo na segunda parte deste manual "tipos de recursos e actividades"

### 8.1.2.- EDITAR OU BORRAR UN RECURSO OU ACTIVIDADE:

Poderemos borrar un recurso ou actividade publicada nun tema premendo o botón cunha "X" vermella que aparecera ó lado de cada un deles.






### 8.1.3.- MOVER UN RECURSO OU ACTIVIDADE:

Poderemos mover un recurso ou actividade premendo este botón (dous triángulos un sobre o outro de cor verde).



Cando o premamos deberemos indicar posteriormente “onde queremos movelo” escollendo un dos rectángulos que aparecerán sinalados cunha frecha (poderemos movelo dentro do tema ou incluso a outro tema)





### 8.1.4.- OCULTAR UN RECURSO OU ACTIVIDADE:

Se o que queremos é que os alumnos non vexan un recurso ou actividade, pero non borrarlo, senón que deixalo oculto ata que desexemos amosalo, deberemos empregar este botón (con forma de porta). Para voltar a amosalo premeremos o botón análogo que aparecerá no seu lugar.



### 8.1.5.- GRUPOS CONCRETOS PARA UNHA ACTIVIDADE:

Poderemos indicar (opcionalmente) se unha actividade ou recurso debe ser amosado "só aun grupo concreto dos alumnos incluídos no curso", neste caso empregaremos a icona con forma de persoa.



Para poder asignar a actividade ou recurso a un grupo concreto, deberemos ter creado o grupo previamente, para elo empregaremos o menú lateral.

Cando falamos de "grupos" estamos referíndonos a "sub-grupos" dentro do conxunto de alumnos do noso curso. Por exemplo supañamos que na nosa aula temos un grupo de alumnos que precisan ter os recursos "noutro idioma", neste caso poderíamos crear un "grupo" e asignarlle certos recursos e actividades específicas.

Por grupos non entendemos "a tódolos nosos alumnos", xa que todos eles son alumnos do noso curso, se así o asignamos no seu momento.






Ata o de agora analizamos as accións, unha vez activada a edición, de cada recurso ou actividade, **veremos de seguido as opcións que “se aplican a todo o tema” e non a unha actividade concreta.**

The screenshot shows a course management interface with three sessions listed:

- Xornada 1** (3 sesións de docencia)
  - PFAC: estrutura, obxectivos e funcionamento
  - Proxecto e aula Abalar: elementos que o integran
  - Web dinámica do centro: zona abalar
  - Redeiras: primeiro achegamento e uso no PFAC
  - calendrio pfac
- Xornada 2** (2 sesión de docencia + 1 traballo en grupo)
  - Uso básico do E.D.I. e ferramentas asociadas
  - GNU Linux: primeira aproximación (xestión de arquivos)
  - Para afondar máis...
    - Manuais para a ampliación sobre o uso do E.D.I.
    - Ligazóns a recursos interesantes para o uso do E.D.I.
    - Aspectos básicos do funcionamento dos sistemas GNU-LINUX
  - Traballo en grupo (1 sesión)
    - Elaboración do protocolo de uso das aulas Abalar
    - TRABALLO EN GRUPO: recursos P.D.I. na servidor abalar do centro e CREAR A ZONA DE RECURSOS PDI
    - Redeiras: avaliación da xornada
- Xornada 3** (1 sesión de docencia + 2 sesións de traballo en grupo)
  - Docencia (1 hora)
  - Uso básico da páxina web
  - Para afondar máis...
    - Manuais de uso da páxina web do centro
  - Traballo en grupo (2 horas)
    - Completar o "banco de recursos para o E.D.I."

### 8.1.6.- REALZAR UN TEMA COMO TEMA ACTUAL:



Podemos resaltar un dos temas do noso curso como “o tema actual” para centrar atención do alumnado nese tema en concreto.

Así se ve o tema realzado

The screenshot shows a list of sessions with session 14 highlighted:

- Manuais de uso dos servizos web 2.0:
  - Como subir un vídeo a youtube (e outra serie de traballos con vídeos)
  - Como insertar un vídeo de youtube nunha entrada web ou na aula virtual
  - Como descargar un vídeo ou un audio de youtube.
  - Videotutorial: que é e como empregar streetview de google maps.
  - Como insertar un mapa de google maps nunha entrada da web ou na aula virtual.
  - Vídeo manual: como usar google docs. | Manuais de uso de google docs (CEIP Isaac Peral): manual 1 | manual 2 | manual 3 | manual 4
- Para afondar máis...
  - Como crear e manter un blog en blogger
  - Exemplo de google maps con street view publicada na aula virtual
  - Exemplo de google maps nunha entrada no blog
- 14 Xornada 14** (2 sesións de docencia + 1 sesión de traballo en grupo)
  - AS WEBQUEST
    - Que é e como facer unha webquest
    - http://phpwebquest.org/newphp
    - Como elaborar unha webquest de calidade e efectiva
    - Aula virtual 1
- 15 Xornada 15 (1 sesión de docencia + 2 de traballo en grupo)
  - Aula virtual 2
- 16 Xornada 16 (1 sesión de docencia + 1 sesión de traballo en grupo)
  - Crea a túa licenza Createve Commons
  - Valoración do PFAC, ideas para incluír na memoria.
  - Dúbdas sobre o tratado nas diferentes sesións.
- 17 Xornada 17 (3 sesións de traballo persoal)
  - Creación e aplicación na aula dun aula virtual ou webquest.
- 18 AULA VIRTUAL ABERTA ABALAR




### 8.1.7.- OCULTAR TEMA A ESTUDIANTES:



Poderemos ocultar un tema (do mesmo xeito que faciamos cun recurso ou actividade) premendo o botón da porta

### 8.2.- MUDAR O PAPEL PARA:

Premendo o botón “mudar papel para”... poderemos ver en calquera momento como vería o noso curso un usuario co rol alumno... de xeito que sen saír poidamos probar se realmente lle funcionará como agardamos ós nosos alumnos.



**Continúa no seguinte manual “tipos de recursos e actividades que pode engadir no meu curso”.**